

ORDENANZA Nº 31

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POR APROVEITAMENTO ESPECIAL DE TERREOS DE DOMINIO PÚBLICO LOCAL CON INSTALACIÓN DE QUIOSCOS

ARTIGO 1.- FEITO IMPOÑIBLE.

Constituirá feito impoñible desta taxa a ocupación da vía pública e terreos de dominio público local con instalacións, quioscos e similares utilizados para a venda de produtos con carácter continuado.

ARTIGO 2.- SUXEITOS PASIVOS.

Serán suxeitos pasivos obrigados o pagamento das presentes taxas quen gocen, utilicen ou aproveiten especialmente os bens de dominio público local referidos no artigo 1 desta Ordenanza.

ARTIGO 3.- EXENCIONS E BONIFICACIONES.

Agás o disposto en normas de rango legal, non se admitirán exencións nin bonificacións nas taxas reguladas na presente Ordenanza.

ARTIGO 4.- COTAS.

1. As cotas tributarias relativas ás taxas reguladas nesta ordenanza calcularanse aplicando as tarifas que figuran no apartado 2 deste artigo, atendendo á categoría da rúa sinalada no Anexo II da Ordenanza Fiscal Xeral, onde radique o quiosco ou instalación, superficie e tempo de ocupación.

2. As tarifas relativas a quioscos na vía pública serán as seguintes:
Por m² ou fracción e semestre:

Categoría das rúas:

1 ^a	2 ^a	3 ^a	4 ^a	5 ^a	6 ^a
109,10	58,20	50,15	35,80	35,80	18,80 €

3. No caso de que o quiosco estea situado na confluencia de varias rúas aplicarase á da categoría superior.

4. No caso en que estivese situado en parques e xardíns públicos, aplicarase a categoría da rúa de maior categoría coa que linde.

5. Cando se utilicen procedementos de licitación pública, o importe da taxa virá determinado polo valor económico da proposición sobre a que recaia a concesión, autorización ou adxudicación.

ARTIGO 5.- DEVENGO.

1. As taxas reguladas na presente Ordenanza devengaranse no momento no que se inicie o aproveitamento especial ou utilización privativa.

2. As altas surtirán efectos o primeiro día do semestre no que se producen, e as baixas o primeiro día do semestre seguinte ao cese efectivo do aproveitamento especial ou utilización privativa.

ARTIGO 6.- PERÍODO IMPOSITIVO.

O período impositivo será semestral, producíndose a obriga de pagamento da seguinte forma:

1. A liquidación correspondente ao 1º semestre segundo a data de inicio do aproveitamento, será notificada regulamentariamente ao suxeito pasivo.

2. As sucesivas liquidacións serán ingresadas polos suxeitos pasivos, sen notificación previa, no primeiro mes de cada semestre natural.

ARTIGO 7.- INFRACCIÓN E SANCIÓN.

No relativo a infraccións tributarias desta ordenanza, así como as súas cualificacións e sancións, estarase ao disposto na Ordenanza Fiscal Xeral do Concello, Lei Xeral Tributaria e restante normativa de aplicación.

NORMAS ADICIONAIS.

Os interesados nos aproveitamentos especiais ou utilizacións privativas regulados nesta Ordenanza deberán solicita-la correspondente concesión conforme aos Pregos de Condicións que este Concello aprobe para o caso.

DISPOSICIÓN FINAIS.

1ª. No non previsto nesta Ordenanza será de aplicación a Ordenanza Fiscal Xeral do Concello, Lei 58/2003 Xeral Tributaria, e restante normativa de aplicación.

2ª. Esta Ordenanza entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro do ano 2013, estendendo os seus efectos favorables aos feitos impositivos realizados no exercicio inmediatamente anterior, permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

PUBLICACIÓNS B. O. P.:

30 DE DECEMBRO DE 1998

30 DE DECEMBRO DE 1999

27 DE DECEMBRO DE 2000

30 DE NOVIEMBRE DE 2001

26 DE DECEMBRO DE 2002

30 DE DECEMBRO DE 2003

29 DE NOVIEMBRE DE 2004

7 DE DECEMBRO DE 2005

30 DE DECEMBRO DE 2006

10 DE DECEMBRO DE 2007

10 DE DECEMBRO DE 2008

14 DE DECEMBRO DE 2010

22 DE NOVIEMBRE DE 2011

21 DE DECEMBRO DE 2012

